


Kusuma é unha ave preciosa. Ao principio só se podían ver aves como ela en Kaltim, en Asia, pero a historia empezou a cambiar cando os humanos decidiron usar o territorio da selva para obter un aceite especial e empezaron a eliminar as árbores e os animais da selva de Kaltim...

O uso dese aceite, de forma non coidadosa co medio ambiente pode producir a desaparición de especies.



Un mar de palmeiras

(continuación)

Primeiro foron as máquinas, monstros enormes que arramplaron con todo o que se interpoñía no seu camiño, mesmo coas árbores máis rexas(recias) e máis altas, xusto as que os faisáns de Kaltim adoitaban escoller para edificar os seus portentosos niños(nidos), non menos maxestosos(majestuosos) ca eles mesmos.

Logo foron as palmeiras: ringleiras interminables que viñeron ocupar o sitio das árbores tronzadas(cortadas). Nin sequera os voitres e os gansos, as aves que máis alto voan, conseguen ver onde rematan aquelas filas perfectamente aliñadas que desde o ceo parecen plantacións de estrelas. En realidade só terminan cando xa non hai máis terra e o mar reclama o seu dominio.

E por último apareceron as factorías, enormes fábricas das que brota sen tregua un fume escuro, mesto(espeso) e pestilente, produto dos labores que realizan no seu interior os seres humanos que as instalaron.

Que sentido ten toda esta desfeita? Os froitos desas palmeiras, cando medran un chisco(pouquiño), acumulan no seu interior unha especie de manteiga (aceite) que serve para elaborar unha morea(un montón) de cousas. Para iso son as fábricas: alí estrullan(estrujan) os froitos e extraen todo o zume que conteñen. O resto quéimase, e ese é o motivo polo que non para de saír fume de aqueles edificios que están completamente negros por riba debido á feluxe(hollín) que eles menmos trousan(vomitan).

E como o negocio non para de medrar, cada día as máquinas laminan un novo anaco de selva para seguiren plantando máis e máis palmeiras con que abastecer a crecente demanda desa untura viscosa e cheirenta(maloliente). Tantas cobren xa o territorio que agora a selva de Kaltim non é máis que un recuncho mínimo a carón de aquela plantación que aumenta sen cesar e que ameaza con facela desaparecer por completo.

Elixes os adxectivos axeitados a cada nome do primeiro parágrafo do texto:

Máquinas Niños Árbores

Elixes a resposta correcta:

Cales son as aves, segundo o texto, que máis alto voan?

Que parecen desde o ceo as filas de palmeiras?

Onde rematan as filas de palmeiras?

Os humanos instalaron fábricas na selva de Kaltim para...

Cando lle sacan o aceite aos froitos da palmeira, o resto que lles queda...

Puxeron tantas fábricas que agora a selva de Kaltim só é...